

JOSEPH CONRAD

O axente secreto

Tradución de Carlos Valdés e Celia Recarey



I

O señor Verloc, ao saír pola mañá, deixou a súa tenda nominalmente a cargo do seu cuñado. Podíao facer porque había moi pouco movemento a calquera hora, e practicamente ningún antes do serán. Ao señor Verloc importáballe pouco o seu aparente negocio. Ademais, a súa muller estaba a cargo do seu cuñado.

A tenda era pequena, como tamén era a casa. Era unha desas casas de ladrillo goldrento que había en grandes cantidades antes de que amencese sobre Londres a era da reconstrución. A tenda era unha caixa cadrada, coa dianteira de vidro en paneis pequenos. Polo día, a porta ficaba pechada; polo serán, mantíñase discreta pero sospeitosamente entreaberta.

No escaparate había fotografías de bailarinas máis ou menos espidas; paquetes insulsos con envoltorios como de medicamentos patentados; sobres de papel amarelo cerrados, cativeiros e cun dous con seis impreso en grosos números negros; uns cantos números de publicacións cómicas francesas antigas pendurados nun cordel como a secar; un cunco de porcelana chinesa dun azul descolorido; un cadaleito de madeira negra; botes de tinta indeleble e selos de caucho; uns cantos libros con títulos tendentes ao indecoroso; uns exemplares aparentemente vellos de xornais descoñecidos,

mal impresos, con títulos como *O facho*, *O gong*... títulos de impacto. E o gas dos dous farois de dentro dos vidros sempre estaba baixo, xa fose por aforrar ou por mor da clientela.

Esta clientela compoñíase ou de homes moi novos, que espreitaban diante do escaparate un tempo antes de se meter dentro rapidamente, ou homes dunha idade máis madura, pero que polo xeral parecían non ter fondos. Algúns destes últimos levaban os colos dos gabáns voltos para arriba até o mostacho e restos de lama nos baixos das prendas inferiores, que tiñan a aparencia de acumular moito uso e non ser moi valiosas. E as pernas que ían dentro, por norma xeral, tampouco parecían de moita sustancia. Coas mans enterradas ben fondo nos petos laterais dos gabáns, entraban de lado, cun ombreiro por diante, como se tivesen medo de facer soar a campá.

A campá, colgada enriba da porta por medio dunha tira de metal curvado, era difícil de esquivar. Estaba escachada sen remedio, pero no serán, coa menor provocación, repenicaba detrás do cliente con impúdica virulencia.

Repenicaba e, ao oír ese sinal, a través da poeirenta porta de vidro de detrás do mostrador de madeira de piñeiro pintada, o señor Verloc bulía a saír da sala traseira. Tiña os ollos naturalmente caídos e o aire de levar o día lacazaneando, completamente vestido, nunha cama sen facer. Outro home consideraría ese aspecto unha clara desvantaxe. Nunha transacción comercial do sector retallista moitas cousas dependen do cativador e amigable aspecto do vendedor. Pero o señor Verloc coñecía o seu negocio e non o perturbaba ningún tipo de dúbida estética sobre a súa aparencia. Cun firme impudor de mirada impertérrita que parecía coutar a ameaza dalgún perigo abominable, procedía a vender algún obxecto

que, dun xeito obvio e escandaloso, non valía o diñeiro que se intercambiaba na transacción: unha caixiña de cartón que non parecía ter nada dentro, por exemplo, ou un daqueles sobres amarelos cativados pechados, ou un libro sucio coas pastas de papel e un título prometedor. De cando en vez, vendíalle algunha daquelas gastadas bailarinas amarelas a algún afeccionado como se estivese viva e nova.

Ás veces era a señora Verloc a que aparecía ante a chamada da campá escachada. Winnie Verloc era unha muller nova cun peito abondoso embutido nun corpiño axustado e as cadeiras anchas. Levaba o cabelo moi ben peiteado. De ollar impertérito como o marido, mantiña un aire de insondable indiferenza detrás do parapeto do mostrador. Entón o cliente de idade relativamente tenra sentíase de súpeto desconcertado ao ter que tratar cunha muller e, co corazón cheo de carraxe, solicitaba un frasco de tinta indeleble, cun prezo de venda ao público de seis peniques (na tenda de Verloc, unha libra e seis peniques), que, unha vez fóra, guindaba disimuladamente ao sumidoiro.

Os visitantes do serán —os homes cos colos dos gabáns voltos para arriba e os chapeus brandos ben calados— facíanlle un aceno de familiaridade á señora Verloc e, cun saúdo musitado, levantaban a tampa do extremo do mostrador para pasar á sala traseira, que daba acceso a un corredor e a un empinado tramo de escaleira. A porta da tenda era a única maneira de entrar na casa en que o señor Verloc mantiña o seu negocio de vendedor de sospeitosas mercadorías, exercía a súa vocación de protector da sociedade e cultivaba as súas virtudes domésticas. Estas últimas eran notables. Era un home completamente doméstico. As súas necesidades espirituais, mentais e físicas non eran das que o sacaban moito da casa.

Atopaba no fogar a comodidade do corpo e a paz da conciencia, xunto coas conxugais atencións da señora Verloc e a deferente consideración da nai da señora Verloc.

A nai de Winnie era unha muller achaparrada, arfante, de cara ancha e morena. Levaba unha perruca negra por debaixo dun gorro branco. As súas pernas inchadas mantiñana inactiva. Ela considerábase de ascendencia francesa, cousa que ben podía ser certa, e, tras moitos anos de vida matrimonial cun taberneiro dos máis correntes, mantiñase nos anos de viuvez alugando apartamentos amoblados para cabaleiros na zona de Vauxhall Bridge Road, nunha praza que nalgún tempo gozara de certo esplendor e que aínda pertencía ao distrito de Belgravia. Este dato topográfico supoñía certa vantaxe para anunciar os cuartos, pero os clientes da respectable viúva non eran precisamente xente elegante. Mais fosen como fosen, a súa filla Winnie axudáballe a atendelos. Algúns trazos desa ascendencia francesa da que a viúva se gababa podían apreciarse tamén en Winnie. Resultaban evidentes no peiteado extremadamente pulcro e artístico do seu relucente cabelo moreno. Winnie posuía tamén outros encantos: a súa xuventude; as súas formas xenerosas e redondas; a súa cute clara; a provocación da súa insondable reserva, que nunca chegaba ao extremo de evitar a conversa, senón que se mantiña con animación por parte do inquilino e con igual afabilidade por parte dela. O señor Verloc debía ser susceptible a estas fascinacións. O señor Verloc era un cliente intermitente. Ía e viña sen ningunha razón moi evidente. Polo xeral, chegaba a Londres (como a influenza) desde o continente, só que el chegaba sen que a prensa o anunciase, e as súas visitas establecíanse con gran severidade. Almorzaba na cama e nela ficaba todos os días lacazaneando cun aire de sereno gozo até o mediodía,

e ás veces mesmo até máis tarde. Pero cando saía parecía experimentar unha gran dificultade para atopar o camiño de volta ao seu fogar temporal naquela praza de Belgravia. Saía del tarde e regresaba cedo, tan cedo como as tres ou catro da mañá, e cando espertaba ás dez, dirixíase a Winnie, que lle traía a bandexa co almorzo, con xocosa e exhausta cortesía e a voz rouca, feble, do home que botou moitas horas seguidas a falar con vehemencia. Os seus ollos prominentes de pálpebras caídas mirábana de esguello amorosa e languidamente, tapado até o queixo coa roupa de cama e co mostacho escuro e suave a taparlle os grosos beizos capaces de moi edulcoradas palabras.

Ao parecer da nai de Winnie, o señor Verloc era un cabaleiro moi agradable. Dada a súa experiencia vital, recadada en diversos «negocios», a boa da muller adoptara na súa xubilación un ideal da cabaleirosidade conforme a que exhibían os clientes dos clubs privados. O señor Verloc achegábase a ese ideal; acadábao, de feito.

—Por suposto, quedaremos cos seus mobles, miña nai —observara Winnie.

Houbo que abandonar a casa de hóspedes. Ao parecer, non compensaba seguir con ela. Supoñería demasiadas molestias para o señor Verloc. Non sería conveniente para o seu outro negocio. En que consistía ese outro negocio é cousa que non dixo, pero tras o seu compromiso con Winnie molestábase en erguerse antes do mediodía, baixar as escaleiras e amosarse agradable coa nai de Winnie no comedor do almorzo, onde transcorría a súa inmóbil vida. Acariñaba o gato, avivaba o lume e mandaba que lle servisen o xantar alí. Abandonaba aquela comodidade un tanto cargada con evidente reticencia pero, así e todo, ficaba fóra da casa até ben entrada a noite.

Nunca se ofrecía a levar a Winnie ao teatro, como debería facer un cabaleiro tan xeitoso. Tiña os seráns ocupados. O seu traballo tiña que ver coa política, segundo lle dixera a Winnie nunha ocasión. Tería que ser, advertiulle, moi agradable cos seus amigos políticos.

E coa súa franca e insondable mirada, ela respondeu que o sería, por suposto.

Canto máis lle contara da súa ocupación foi cousa imposible de descubrir para a nai de Winnie. A parella casada levouna a ela canda os mobles. O cativo aspecto da tenda sorprendeuna. A mudanza da praza de Belgravia á estreita rúa do Soho non lles prestou nada ás súas pernas, que se volveron enormes. Por outra parte, viuse completamente aliviada de toda preocupación material. O bo carácter do seu xenro instiláballe unha sensación de total seguridade. Era obvio que a filla tiña o futuro asegurado e tampouco tiña que ter ansia ningunha polo seu fillo Stevie. Non fora quen de ocultarse a si mesma que o pobre de Stevie era unha carga terrible. Pero en vista do cariño que Winnie lle tiña ao seu delicado irmán, e da amable e xenerosa disposición do señor Verloc, sentía que o pobre do rapaz estaba bastante a salvo neste mundo tan duro. E no fondo do corazón tampouco lle desagradaba de todo que os Verloc non tivesen fillos. Como esa circunstancia parecía serlle perfectamente indiferente ao señor Verloc, e como Winnie lle profesaba un afecto case maternal a seu irmán, talvez fose boa cousa para o pobre Stevie.


Pois o rapaz era difícil de gobernar. Era delicado e, dun xeito fráxil, tamén ben parecido, agás pola inexpresiva caída do labio inferior. Baixo o noso excelente sistema de educación obrigatoria, aprendera a ler e escribir, malia o desfavorable as-

pecto do seu labio inferior. Pero como mandadeiro non deu obtido un grande éxito. Esquecía as mensaxes; desviábase con facilidade do camiño recto do deber, atraído por gatos e cans sen dono, aos que seguía por calellas até pasaxes pouco recomendables; polas comedias de rúa, que contemplaba coa boca aberta, para prexuízo de quen o empregaba; ou polos dramas dos cabalos caídos, cuxo patetismo e violencia o levaban ás veces a emitir uns penetrantes chíos no medio da xente, á que lle desagradaba ser molestada por expresións aflitas mentres gozaba tranquilamente do espectáculo nacional. Cando o sacaba de alí un serio e protector axente de policía, a miúdo quedaba patente que o pobre de Stevie esquecera o seu enderezo, polo menos temporalmente. Unha pregunta brusca facíao tatear até sufocarse. Cando algo abraiante o sobresaltaba, adoitaba reviritar os ollos dun xeito horrible. Porén, nunca tivera ataques (cousa que era un alivio), e ante os naturais rautos de impaciencia de seu pai sempre podía, de neno, correr en busca da protección das saias de súa irmá Winnie. Por outra parte, podía ser sospeitoso de ocultar certas reservas de picardía. Cando fixera os catorce anos, un amigo do finado de seu pai, representante dunha compañía estranxeira de leite embotellado, deulle un posto de mandadeiro na oficina e atopárono, unha mañá de brétema en que non estaba o seu xefe, moi ocupado botando foguetes na escaleira. Prendeu en rápida sucesión unha serie de ferozes foguetes, furiosas rodas xiratorias, sonoros petardos, e o asunto puido chegar a ser moi serio. Un pánico terrible apoderouse de todo o edificio. Unha desbandada de oficinistas atragoados, cos ollos desorbitados, percorreu os corredores cheos de fume; polas escaleiras abaixo víanse caer a rolos chapeus de seda e anciáns homes de negocios. Stevie non pareceu obter ningún pracer persoal do que fixera. Foi difícil descubrir que motivara aquel

seu golpe de orixinalidade. Só máis tarde Winnie logrou sacarlle unha borrosa e confusa confesión. Ao parecer, outros dous mandadeiros do edificio manipularan os seus sentimentos con historias de inxustiza e opresión até que literalmente lle provocaron un frenesí de paixón. Pero, por suposto, o amigo de seu pai despediuno sumariamente por medo a que lle arruinase o negocio. Tras esta altruísta fazaña, puxeron a Stevie a fregar os pratos na cociña do soto e a darlles betume ás botas dos cabaleiros que frecuentaban a mansión de Belgravia. Obviamente, aquel traballo non tiña futuro. Os cabaleiros dábanlle un xilin de propina de cando en vez. O señor Verloc resultou ser o máis xeneroso dos inquilinos. Pero en xeral a cousa non daba para moito, nin no tocante ás ganancias nin no relativo ás perspectivas, de modo que cando Winnie anunciou o seu compromiso co señor Verloc súa nai non puido evitar preguntarse, cun suspiro e unha ollada de esguello cara á trascociña, que ía ser agora do pobre de Stephen.

Resultou que o señor Verloc estaba disposto a levarlo consigo, xunto coa nai da súa muller e o mobiliario que constituía toda a fortuna visible da familia. O señor Verloc acolleuno todo tal como viña no seu amplo e bondadoso seo. O mobiliario dispúxose da mellor maneira posible por toda a casa, pero a nai da señora Verloc quedou confinada ás dúas estancias traseiras do primeiro andar. O malpocado de Stevie durmía nunha delas. Para entón, unha petada de pelo fino e suave comezara a desdebuxar, como unha brétema dourada, a marcada silueta da súa pequena mandíbula inferior. Axudáballe a súa irmá nos labores domésticos cun amor cego e con docilidade. Ao señor Verloc parecíalle que lle faría ben ter algunha ocupación. O tempo libre empregábo en debuxar

círculos cun compás e un lapis nunha folla de papel. Dedicábase a este pasatempo con gran dilixencia, cos cóbados abertos e moi inclinado sobre a mesa da cociña. Pola porta aberta da sala traseira da tenda, Winnie, súa irmá, mirábao de vez en cando con maternal vixilancia.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 14 DE AGOSTO DE 2025

